

## PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS

PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASESORÍA LABORAL, FISCAL E CONTABLE AO  
GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO RÍA DE VIGO- A GUARDA

### PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES (PCAP)

#### I. CADRO DE CARACTERÍSTICAS

<b>Grupo de Acción Local do sector Pesqueiro da Ría de Vigo – A Guarda (GALP7)</b> <b>Enderezo:</b> Avda. Beiramar, 49, 3º, oficina 5 (Vigo). <b>Teléfonos:</b> 986358109 / 646873106 <b>Correo electrónico:</b> <a href="mailto:galp.mar.riadevigoaguarda@xunta.gal">galp.mar.riadevigoaguarda@xunta.gal</a> <b>CIF:</b> G-94000510	
<b>Órgano de contratación</b>	Presidencia do GALP Ría de Vigo -A Guarda
<b>Responsable do contrato</b>	María Elena Herbello Puentes. Xerente do GALP7
<b>Publicación da oferta</b>	<a href="https://galp.xunta.gal/ria-de-vigo-a-guarda/licitacions">https://galp.xunta.gal/ria-de-vigo-a-guarda/licitacions</a>
<b>Referencia do Expediente</b>	GALP7/2023/001
<b>Obxecto do contrato</b>	Prestación do servizo de <b>Asesoría Laboral, Fiscal e Contable</b> do GALP7 como entidade sen ánimo de lucro e colaboradora da Consellería do Mar para a xestión do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA).
<b>Tipo de contrato</b>	Contrato de Servizo
<b>Tramitación</b>	<input checked="" type="checkbox"/> Ordinaria <input type="checkbox"/> Urxente
<b>Contrato suxeito a regulación harmonizada</b>	<input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non
<b>Procedemento</b> (segundo a Instrución 1/2023 da Dirección	<input type="checkbox"/> Procedemento I, para a adxudicación directa de contratos para necesidades puntuais ou esporádicas dos GALP.



Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, dispoñible en: <a href="https://galp.xunta.gal/normativa">https://galp.xunta.gal/normativa</a>	<input checked="" type="checkbox"/> Procedemento II, para gastos derivados de necesidades continuas dos GALP ou esporádicas con determinados valores estimados. <input type="checkbox"/> Procedemento III, para gastos derivados de contratos suxeitos a regulación harmonizada.
<b>Admisión de prórroga en execución</b>	<input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non
<b>Admisión de prórroga do contrato</b>	<input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non
<b>Admisión de subcontratación</b>	<input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non
<b>Criterios de adxudicación</b>	<input checked="" type="checkbox"/> Prezo <input type="checkbox"/> Multicriterio
<b>Idioma de presentación de ofertas</b>	<input checked="" type="checkbox"/> Galego <input checked="" type="checkbox"/> Castelán
<b>Orzamento de licitación</b>	2.100 € (IVE excluído)
<b>Prazo de execución</b>	12 meses
<b>Financiamento</b>	Esta contratación financíase nun 70% polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA). <i>Regulamento (UE) 2021/139 do Parlamento Europeo e do Consello, de 7 de agosto de 2021, polo que establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/1004.</i>

## II. ELEMENTOS DO CONTRATO

### 1. OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do contrato é a prestación do servizo de **Asesoría Laboral, Fiscal e Contable** do GALP como entidade sen ánimo de lucro e colaboradora da Consellería do Mar para a xestión do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA).

### 2. PRAZO DE EXECUCIÓN

O período de prestación do servizo será de 1 ano a contar dende a formalización do contrato (previsiblemente agosto de 2023).

Non se admiten prórrogas no prazo de execución do servizo.

Admítese prórroga do contrato.

A prórroga será anual e obrigatoria para o contratista se o aviso previo se fai cunha antelación mínima dun mes á data de remate do contrato. En ningún caso o contrato poderá prorrogarse mais alá do 31 de decembro de 2026.

### 3. CAPACIDADE E SOLVENCIA ECONÓMICA E TÉCNICA DA ENTIDADE LICITANTE

As entidades licitadoras terán que presentar unha declaración responsable asinada de que contan coa solvencia económico-financeira e técnico-profesional esixida para este contrato.

A empresa adxudataria deberá presentar nun prazo de **cinco días hábiles** desde o momento da súa notificación, a documentación que acredite o seguinte:

- a) Personalidade e capacidade de obrar: escritura de constitución e de modificación.
- b) Representación: acreditación da representación.
- c) Alta no imposto de actividades económicas
- d) Solvencia económica financeira: Declaración volume de negocios do último exercicio fiscal. Requisito mínimo de solvencia: Volume anual de negocios do licitante por un importe igual ou superior ao valor anual estimado do contrato (2.541 €)
- e) Xustificante da existencia dun seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais por importe igual ou superior ao esixido no anuncio de licitación ou na invitación para participar no procedemento e nos pregos do contrato ou, na súa falta, ao establecido regulamentariamente. Requisito mínimo de solvencia: Seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais por un importe igual ou superior ao valor anual estimado do contrato (2.541 €).
- f) Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato no curso de, como máximo os tres últimos anos, na que se indique a data e o destinatario, público ou privado dos mesmos. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este. Requisitos mínimos de solvencia: Reputarase solvente o licitador que acredite

GALP Ría de Vigo-A Guarda



Financiado  
pola Unión Europea

- a execución dun conxunto de traballos do mesmo tipo ou natureza que o que constitúe o obxecto do contrato e que supoñan un importe anual igual ou superior a 2.541 €
- g) Calquera outro documento acreditativo da súa aptitude para contratar que reclame o órgano de contratación.

#### 4. DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR POLAS PERSOAS OU ENTIDADES LICITANTES

- Declaración responsable da representación da entidade licitante; de dispor de solvencia económica, financeira e técnica; de contar coas autorizacións necesarias para o exercicio da súa actividade; de non estar implicado na prohibición de contratar nin na prohibición de percibir subvencións públicas e de non presentar ningunha outra oferta mediante empresa vinculada (**Anexo II**).

*As persoas ou empresas licitantes, coa presentación da Declaración Responsable (Anexo II), exímense de presentar toda a documentación acreditativa do cumprimento, que será requirida e deberá ser prestada unicamente pola persoa ou empresa que resulte adxudicataria.*

- Declaración xurada de cumprimento de requisitos por parte do licitador (**Anexo III**).
- Oferta económica (**Anexo IV**)

#### 5. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO E ORZAMENTO DE LICITACIÓN

O orzamento de licitación para o servizo requirido ascende a un total de 2.541 € (IVE incluído), correspondente a unha base imponible de 2.100 € e 441 € de IVE (21%).

<b>Valor estimado total</b>	7.175 €
<b>Orzamento base de licitación (sen IVE)</b>	2.100 € (anual)
<b>IVE (21%)</b>	441 €
<b>Orzamento base de licitación (con IVE)</b>	2.541 €
<b>Financiamento</b>	Esta contratación financíase polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA)

#### REPARTO POR ANUALIDADES DO ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN

	ORZAMENTO BASE LICITACIÓN	1ª prórroga	2ª prórroga	3ª prórroga	TOTAL BASE LICITACIÓN
	Agosto 2024	Agosto 2025	Agosto 2026	Decembro 2026	
Orzamento (IVE excluído)	2.100,00 €	2.100,00 €	2.100,00 €	875,00 €	7.175,00 €
IVE	441,00 €	441,00 €	441,00 €	183,75 €	1.506,75 €
Orzamento(IVE incluído)	2.541,00 €	2.541,00 €	2.541,00 €	1.058,75 €	8.681,75 €

GALP Ría de Vigo-A Guarda



**Financiado  
pola Unión Europea**

### III. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

#### 6. PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN E TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE

O contrato de servizos adxudicarase seguindo o Punto II da Instrución 1/2023 sobre os procedementos de contratación dos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro.

#### 7. MEDIOS E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS

O prazo máximo para a presentación de ofertas é de **5 días hábiles** contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no perfil do contratante do GALP Ría de Vigo A Guarda . A data de publicación da oferta é o día 11 de xullo de 2023.

Presentarase por correo certificado (Avda. Beiramar 49, 3º, oficina 5, Vigo C.P.36202), acreditando a data de envío pola oficina de correos, sendo preceptivo o envío do xustificante de presentación por correo electrónico á dirección [galp.mar.riadevigoaguarda@xunta.gal](mailto:galp.mar.riadevigoaguarda@xunta.gal) dentro do prazo de presentación de ofertas sinalado neste mesmo apartado.

#### 8. FORMA DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS

As ofertas presentadas deberán estar **asinadas con firma dixital** pola persoa licitante ou representante legal da entidade licitante

A documentación presentarase en dous sobres pechados:

- **SOBRE 1:** Declaración Responsable (Anexo II) e Anexo III.
- **SOBRE 3:** Oferta económica (Anexo IV).

***A inclusión no SOBRE 1 de calquera información relativa ás características do contrato ou da oferta económica, será causa de exclusión do procedemento de licitación da persoa ou entidade licitante.***

A denominación dos sobres a, deberá atender ao seguinte, segundo o caso:

- SOBRE 1[ GALP7/2023/001]\_Declaración-Responsable [INSERTAR NOME DA ENTIDADE LICITANTE].
- SOBRE 3[ GALP7/2023/001]\_Oferta-Económica [INSERTAR NOME DA ENTIDADE LICITANTE].
- 

#### 9. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

A adxudicación do contrato do servizo será para a oferta economicamente mais vantaxosa que presente unha **mellor relación calidade-prezo**, atendendo aos seguintes criterios de adxudicación:

GALP Ría de Vigo-A Guarda



Financiado  
pola Unión Europea

## CRITERIOS AVALIABLES DE XEITO AUTOMÁTICO

### ➤ **Oferta económica: 100 puntos** (puntuación máxima)

Darase a máxima puntuación á oferta económica mais baixa das admitidas, e que non incorra en baixa temeraria. As restantes ofertas acadarán a puntuación que lles corresponda de acordo coa seguinte fórmula:

$$P_i = XX \frac{(OL - O_i)}{(OL - OB)}$$

P<sub>i</sub> = Puntuación da oferta a valorar

XX = Puntuación máxima do criterio

OL = Orzamento de licitación (sen IVE)

OB = Oferta mais baixa das presentadas (sen IVE)

O<sub>i</sub> = Oferta a valorar (sen IVE)

## CRITERIOS DE DESEMPATE

O empate entre varias ofertas logo da aplicación dos criterios de adxudicación, resolverase mediante a aplicación, por orde ata acadar o desempate, dos seguintes criterios, referidos ao momento de finalizar o prazo de presentación das ofertas:

- 1) Maior porcentaxe de persoas traballadoras con discapacidade ou en situación de exclusión social no cadro de persoal, primando, en caso de igualdade, o maior número de persoas traballadoras fixas en inclusión no cadro de persoal.
- 2) Maior porcentaxe de mulleres empregadas no cadro de persoal.
- 3) Menor porcentaxe de contratos temporais no cadro de persoal.
- 4) O sorteo, en caso de que a aplicación dos anteriores criterios non dea lugar a desempate.

## CRITERIOS DE BAIXA TEMERARIA

Unha oferta económica considerarase anormalmente baixa e, por tanto, incorrerá en baixa temeraria cando a súa proposta económica sexa inferior ao orzamento de licitación en mais de 20 unidades porcentuais.

## **10. APERTURA DE PROPOSICIÓNS E PROPOSTA DE ADXUDACIÓN**

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Comisión de contratación reunirse en sesión privada para a revisión da documentación relativa ao SOBRE 1, dando conta das proposicións presentadas e, ante defectos ou omisións que poidan ser emendados, comunicarao ás persoas ou entidades licitantes interesadas, concedendo un prazo de **3 días hábiles** para a súa corrección.

GALP Ría de Vigo-A Guarda



Financiado  
pola Unión Europea

A Comisión de contratación, unha vez cualificada a documentación do SOBRE 1 e realizadas as correccións oportunas, no seu caso, adoptará o acordo de admisión definitiva das persoas ou entidades licitantes, especificando as causas de exclusión, se as houberse.

A continuación procederase no lugar, día e hora sinalados no anuncio de licitación ou no portal web <https://galp.xunta.gal/ria-de-vigo-a-guarda/licitacions> á apertura, en acto público, do SOBRE 3.

**Descrición:** Apertura pública.

**Lugar:** Avda. Beiramar, 49, 3º, oficina 5 Vigo .

Atendendo a puntuación obtida segundo os criterios de adxudicación, a Comisión de contratación emitirá a proposta de contratación a favor da persoa ou entidade licitante coa puntuación mais alta, a cal presenta a mellor oferta de acordo cos criterios de adxudicación (oferta economicamente mais vantaxosa).

Unha vez emitida a proposta de contratación, será requirido á persoa ou entidade que presentou a mellor oferta para que, dentro do prazo de **5 días hábiles**, a contar desde a data de recepción do requirimento, presente toda a documentación que acredite a solvencia económica, financeira e técnica, así como o cumprimento cos requisitos obrigatorios.

A proposta de adxudicación do contrato de servizos será posta en coñecemento e darase publicidade a través da web do GALP7; <https://galp.xunta.gal/ria-de-vigo-a-guarda/licitacions>

De non presentarse correctamente ou no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedendo a solicitar a documentación ao licitador seguinte.

O procedemento finalizará coa formalización do contrato

## 11. CONDICIÓN E FORMA DE PAGO

O pagamento realizarase mensualmente ao remate dos servizos, sempre que o GALP7 conte con crédito dispoñible.

## 12. CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO

O incumprimento das actuacións previstas no punto 2 do prego de prescricións técnicas serán causa de resolución do contrato.

## IV. ANEXOS

GALP Ría de Vigo-A Guarda



Financiado  
pola Unión Europea

## ANEXO II.

### **A) DECLARACIÓN RESPONSABLE DO LICITADOR**

D \_\_\_\_\_ con DNI número \_\_\_\_\_ en representación de \_\_\_\_\_ con CIF número \_\_\_\_\_ con domicilio social \_\_\_\_\_ teléfono \_\_\_\_\_ correo electrónico \_\_\_\_\_ aos efectos de notificación.

#### **DECLARA en representación da empresa<sup>1</sup>**

Primeiro.- Que a empresa conta coa capacidade e habilitación profesional necesaria para executar as prestacións obxecto do contrato, as cales se encadran no obxecto social da empresa.

Segundo.- Non estar incurso nas prohibicións de contratar establecidas polo artigo 71 da LCSP, en concreto, estar ao corrente do pago das obrigas tributarias e Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes. Tampouco incorre en ningunha prohibición de percibir subvencións públicas pola normativa vixente.

Terceiro.- Non presenta ningunha outra oferta para esta contratación mediante empresa vinculada segundo o artigo 42.1 do Código de Comercio, aprobado mediante Real Decreto de 22 de Agosto de 1885.

Cuarto.- Sométese á xurisdición española polas continxencias que puidesen xurdir do contrato.

Quinto.- A dirección de correo electrónico para a recepción de notificacións é \_\_\_\_\_.

Sexto.-Comprométese a acreditar, ante o GALP, a posesión e validez da documentación necesaria para probar o declarado.

E para que conste, asino a presente declaración.

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ 2023

Data e sinatura dixital do licitador

\_\_\_\_\_

<sup>1</sup>Persoa física(traballe por conta propia ou allea) ou persoa xurídica.

### ANEXO III. DECLARACIÓN XURADA DE CUMPRIMENTO DE REQUISITOS POR PARTE DO LICITADOR

D. \_\_\_\_\_ con DNI número \_\_\_\_\_ como representante da entidade \_\_\_\_\_ con NIF número \_\_\_\_\_ con domicilio social \_\_\_\_\_ teléfono \_\_\_\_\_ correo electrónico \_\_\_\_\_ aos efectos de notificación.

#### DECLARA

Primeiro.- Que a empresa cumpre cos requisitos establecidos nos pregos de prescricións técnicas e administrativas para a licitación de asesoría laboral, contable e fiscal para o GALP Ría de Vigo – A Guarda.

Segundo.-Comprométese a acreditar, ante o GALP, a posesión e validez da documentación necesaria para probar o declarado, tal e como se indica nos pregos técnicos e administrativos.

Terceiro.- Esta declaración xurada será incorporada no Sobre 1 da oferta presentada para a licitación.

E para que conste, asino a presente declaración xurada.

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ 202X

Data e sinatura dixital do licitador

GALP Ría de Vigo-A Guarda



Financiado  
pola Unión Europea

## ANEXO IV. MODELO DE OFERTA ECONÓMICA

D./a ..... con DNI nº ..... actuando en nome e representación da empresa ..... con CIF nº ..... e domicilio en ..... CP ..... localidade de ..... Provincia de ..... , en relación ao procedemento de licitación do contrato de servizo “ASESORÍA LABORAL, FISCAL E CONTABLE”, presento a seguinte oferta:

### A) OFERTA ECONOMICA:

Orzamento base de licitación (sen IVE)	
IVE (21%)	
TOTAL (Orzamento base de licitación con IVE)	

B) Que coñezo e acepto as condicións que rexen esta contratación, comprometéndome a executar o obxecto do contrato polo seguinte prezo:

*Lugar e data*

*Sinatura dixital do/a licitador/a*

GALP Ría de Vigo-A Guarda



Financiado  
pola Unión Europea

## **PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS (PPT)**

### **1. CONTEXTO – XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DA CONTRATACIÓN**

O Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Ría de Vigo – A Guarda (GALP7), é unha entidade colaboradora da Consellería do Mar, para a xestión do Programa FEMPA 2021-2027, segundo convenio suscrito o día 2 de xaneiro de 2023.

O presente contrato ten por obxecto a contratación dun servizo de asesoría, consultaría e xestión en materia laboral, fiscal e contable.

Trátase dunha necesidade continua que se pretende satisfacer, por ese motivo emprégase o procedemento para gastos derivados de necesidades continuas. Non se produce fraccionamento de contrato, e non se divide en lotes atendendo á natureza e obxecto do contrato.

O Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Ría de Vigo – A Guarda, carece de persoal suficiente en número e titulación, para dar cobertura ás necesidades de servizo de xestión, para poder cumprir correctamente coas funcións e obrigas acordadas no convenio de colaboración asinado coa Consellería do Mar o 2 de xaneiro de 2023, razón pola que debe procederse á contratación dun servizo externo para dar cobertura a tal necesidade.

### **2. CARACTERÍSTICAS DA PRESTACIÓN A REALIZAR**

O obxecto do contrato é a prestación do servizo de asesoría laboral, fiscal e contable do GALP7 como entidade sen ánimo de lucro e colaboradora da Consellería do Mar para a xestión do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA).

### **3. FINALIDADES E OBXECTIVOS A ALCANZAR**

As finalidades a alcanzar pola asistencia técnica contratada dentro desta actividade son as que se relacionan a continuación:

#### **FISCAL E CONTABLE**

Asesorar e informar en cantos dereitos e deberes lle asistan ou obriguen en materia fiscal así como dos cambios tributarios que no futuro se produzan e poidan supor implantación distinta da vixente, con aplicación dos novos preceptos tributarios e modalidades impositivas que poidan establecerse

1. Asistencia e representación ante a inspección de Facenda
2. Contestación aos requirimentos
3. Elaboración de documentación contable e rexistral
4. Contas anuais

GALP Ría de Vigo-A Guarda



**Financiado  
pola Unión Europea**

5. Confeccionar e tramitar puntualmente as declaración que se deben realizar con motivo da actividade da empresa.
  - Declaración anual e pagos a conta de imposto de sociedades
  - Liquidacións trimestrais de IVE
  - Resumo anual do IVE
  - Liquidacións trimestrais e anuais de retencións
  - Declaración de operación con terceiros MODELO 347
  - Declaración recapitulativa de operacións intracomunitarias, se procede modelo 349
  - Calquera modelo non reseñado que estableza o sistema fiscal vixente

## LABORAL

1. Asesorar e informar á empresa de forma permanente sobre calquera asunto ou obrigaición en material laboral o da Seguridade Social : contratación , prórrogas subvencións , despidos, sancións.
2. Tramitar , recadar e confeccionar tódalas documentacións á que veña obrigado o empresario en razón de disposicións legais e de seguridade social tales como:
  - Confeccionar nóminas ,liquidacións e finiquitos
  - Contratos , prórrogas alta e baixas na Seguridade Social
  - Tramitación de baixas e altas por enfermidade , accidente , maternidade etc.
  - Liquidación das cotizacións da Seguridade Social
  - Calculo de liquidacións trimestrais e anuais por IRPF de persoal contratado
  - Redacción de escritos para a imposición de sanción aos traballadores
3. Asesoramento, asistencia e representación ante Inspección de traballo , Consellería de traballo , Seguridade Social
4. Recursos conta actas de infracción e liquidación, así como contra resolucións do INSS e da Tesourería da Seguridade Social

O obxectivo é cumprir coa normativa fiscal, laboral e contable.

## 4. FUNCIÓNS E OBRIGAS DA ENTIDADE ADXUDICATARIA

A entidade adxudicataria ten as seguintes funcións e obrigas:

- Deberá realizar correctamente as tarefas descritas no punto 3 dos pregos técnicos
- Queda obrigada a destinar os medios persoais e técnicos necesarios para a correcta execución do servizo e para as finalidades previstas nas presentes prescricións técnicas.
- Non tratará nin aplicará os datos postos a súa disposición por parte do GALP Ría de Vigo – A Guarda para a execución do servizo para finalidade diferente á relativa ao obxecto do contrato, nin os comunicará a terceiras persoas, debendo cumprir o conxunto de normas previstas ao efecto, respondendo das infraccións en que, no seu caso, se incorra.
- Non poderá ceder nin traspasar o servizo a terceiros sen a autorización expresa do GALP Ría de Vigo – A Guarda. A infracción desta obriga producirá a resolución do contrato.

GALP Ría de Vigo-A Guarda



Financiado  
pola Unión Europea



## 5. PRAZO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO

O período de prestación do servizo será de 1 ano a contar dende a formalización do contrato (previsiblemente agosto de 2023)

Non se admiten prórrogas no prazo de execución do servizo.

Admítese prórroga do contrato.

A prórroga será anual e obrigatoria para o contratista se o aviso previo se fai cunha antelación mínima dun mes á data de remate do contrato. En ningún caso o contrato poderá prorrogarse mais alá do 31 de decembro de 2026.

As entregas veñen recollidas na información das actuacións a desenvolver e estarán condicionadas polo que dispoña a normativa vixente e as instrucións da Consellería do Mar.

Vigo, 11 de xullo de 2023

GALP Ría de Vigo-A Guarda



Financiado  
pola Unión Europea